



CORONAVIRUS

Información para o alumnado.
Detección de casos.

DETECCIÓN DE CASOS FORA DO CENTRO EDUCATIVO.

- 1.- Non se acudirá ao centro.
- 2.- Contactarás co teu centro de saúde
- 3.- Contactar có equipo COVID
- 4.- Si hai sospeita de sintomatoloxía no entorno familiar ou persoas de convivencia, non se acudirá ao centro ata coñecer o resultado negativo da proba. A persoa afectada, familia ou responsable comunicará resultado do test á coordinador COVID.
- 5.- Alumnado e/ou familias serán os responsabeis da medición de tª e avaliación doutros síntomas antes de acudir ao centro

DETECCIÓN DE CASOS NO CENTRO EDUCATIVO OU NA CHEGADA AO MESMO.

- 6.- Contactarase coa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse coa maior brevedade posible.
- 7.- A familia ou responsable solicitará consulta médica vía tlf.
- 8.- Habilitarase no centro un espazo para illar persoas con síntomas mentres non se xestione seu traslado. Este espazo disporá de ventilación, xel, papeleira pedal e panos desbotábeis.

Para xustificar a ausencia non se precisará xustificante médico, abondará un comprobante de pais ou titores, ou do propio alumnx maior de idade



CORONAVIRUS

Información para o alumnado. Normas de carácter xeral.

- 9.- Distancia interpersoal mínima de 1,5 m. nas interaccións.
- 10.- Uso da máscara obrigatorio a partir de 6 anos, en toda a xornada lectiva, en todos os espazos e aínda cumprindo coa distancia de seguridade. Quedan exentas as persoas que a normativa exclua do seu uso obrigatorio, o cal xustificárase polo pediatra, facultativo ou persoa obrigada.
- 11.- Será obriga do alumnado levar unha 2ª máscara e recipientes para gardar a máscara se fose necesario.
- 12.- Evitar tocar ollos, nariz e boca.
- 13.- O lavado de mans será frecuente con auga e xabón (mínimo 40 ´´) ou con solución hidroalcohólica (20´´ mínimo).
- 14.- Limpeza mínima de mans 5 veces durante a xornada lectiva.
- 15.- Hixiene correcta de mans ao compartir material.
- 16.- Ventilación correcta dos espazos. Tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os descansos e ao rematar as clases e sempre que sexa posible entre clases.
- 17.- Hixiene de mans á entrada e saída do centro.
- 18.- Ao tusir ou esberrar, tapar boca e nariz cun pano de papel que se desbotará en papeleira con tapa de pedal, ou contra a flexura do codo, e sempre lonxe do resto de persoas.
- 19.- Realizar hixiene de mans despois de secrecións respiratorias, antes e despois de comer ou tocar material susceptible de ser compartido.
- 20.- Orde nos postos de traballo, realizando limpeza e desinfección.
- 21.- O alumnado non compartirá material de uso propio. Deberá existir un espazo en aulas e/ou pupitre para o material.
- 22.- Os equipos de traballo deberán ser usados so polo titular do posto de traballo, de non ser posible, o novo usuario realizará hixiene de mans antes do emprego.
- 23.- Fiestras, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento, iluminación, proxectores e demais material pedagóxico será manipulado ó polo persoal do centro, coas correspondentes medidas de seguridade.
- 24.- O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza.
- 25.- Os panos desbotábeis, serán refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa.
- 26.- Todo material de hixiene persoal debe depositarse na fracción resto.
- 27.- Non asistirán ao centro persoas que teñan síntomas compatíbeis con COVID-19, así como aquelas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- 28.- Considerase contacto estreito a calquera alumnx, ou persoal do centro educativo, que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado, durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.



CORONAVIRUS

Información para o alumnado. Normas de carácter xeral.

29.- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cunha diagnose confirmada (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena por un período de 14 días. O resto da aula que non teña a consideración de contacto estreito, poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas.

30.- En función da intensidade e virulencia do gromo, a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo ou, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

31.- Finalizado o período de illamento, realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar o cal comunicará ao centro.

32.- Poderase permitir a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada.

33.- Circulación pola dereita, respectando a distancia de seguridade.

34.- Para a saída do centro, poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. Non se deberán formar aglomeracións nos espazos exteriores.

35.- Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dxs compañeirxs.

36.- Recomendable que cada alumnx teña o seu material gardado en contedores propios e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

37.- Nas perchas o material ou roupa colocárase de xeito individualizado.

38.- Cando se use material susceptible de ser compartido, hixiene de mans antes e despois de usar o material.

39.- Non se pode desprazar na aula, aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

40.- O material que sexa compartido, debe ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

41.- Nos cambios de clase, a saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polx profesorx á entrada da nova aula en ringleira de 1, gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións. Se houbera outro grupo na nova aula, agardarase a que saía.

42.- A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo para eu emprego necesitarase petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala. Ao rematar, xs usuarixs da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

43.- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

44.- Desinfección de posto de traballo na entrada e saída da xornada escolar. O alumnado deixará enriba da mesa as cadeiras empregadas ao rematar a xornada, para facilitar deste xeito, a limpeza por parte do persoal do centro.